

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 4 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se dá publicidade da declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático relativa ao proxecto do parque eólico Outes, nos concellos de Negreira e Outes (A Coruña), promovido por Norvento, S.L. (IN661A 2010/13).

Visto o establecido na disposición transitoria primeira da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, así como no artigo 12.3 do Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos,

RESOLVO:

Dar publicidade mediante esta resolución á declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 11 de maio de 2021, relativa ao proxecto do parque eólico Outes, sito nos concellos de Negreira e Outes (A Coruña), promovido por Norvento, S.L. (clave 2011/0060), e que se poderá consultar na ligazón <https://cmatv.xunta.gal/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais (Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5-4º andar, 15781 Santiago de Compostela) das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, con cita previa no correo electrónico subdireccion.enerxia@xunta.gal ou nos teléfonos 981 54 45 79/981 54 55 73.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2021

Paula Uría Traba

Directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

CVE-DOG: 8vwz3cr0-h244-0yu4-vxv6-o3azu31b1wz5

